

Fernando González Suárez

Sobre o desaparecido edificio modernista das Adoratrices de Ourense

I.

Ourense é unha cidade na que aínda se conserva unha paisaxe urbana senlleira que a distingue de outras poboacións de similares características o que obedece a dúas circunstancias salientables: En primeiro lugar o seu admirable casco vello, declarado conxunto histórico-artístico no ano 1975, no que se poden admirar edificacións de orixe medieval como a Catedral ou o Museo Arqueolóxico -antigo Pazo Bispal-, o mesmo que outras edificacións dos séculos XVI, XVII e XVIII que se conservan como testemuñas do pasado, pese a incuria municipal de tódalas épocas e circunstancias, a igual que a depredación dos especuladores; en segundo lugar a cidade de Ourense é verdadeiramente admirable porque posúe un conxunto harmonioso de edificacións de aspecto señorial debido, fundamentalmente, a que están feitas de pedra de grano labrada en excelentes sillares que lle dan unha nota distinguida e que producen admiración pola fermosura que transmiten de obra ben realizada, onde os canteiros deixaron mostras inequívocas da súa sensibilidade, o mesmo que polos exemplos admirables da excelente carpintería dos miradores, galerías, portas, zócalos e escaleiras, ou pola cerrallería nos portales e fiestras ou polas pezas de fundición dos balcóns, obra de artesanos autóctonos.

Estas últimas edificacións pertencen a finais do século XIX e comezos do actual, sendo as de maior admiración as construídas baixo os cánones, máis ou menos cambiantes, do estilo que se chamou en España, Modernismo, e en outros paises de Europa: Art Nouveau, Modern Style, Jugendstil, etc., reacción esteticista contra a civilización industrial, baseada nas ideas do simbolismo, con un acercamento á morfoloxía da natureza pescudando nela

seus símbolos fronte a artificialidade do academicismo e o historicismo eclécticos, facendo así unha liberación en nome da vida e da sinceridade.

II.

Hoxe, desgraciadamente, moitas destas casas desapareceron vítimas da insensibilidade de muncípes e de axiotistas, sendo substituídas por edificacións vulgares, faltas de estética, feitas a base de materiais deleznable e sin a menor creatividade e imaxinación constructiva.

Estoume a referir, entre outros, o antigo Hotel Roma, que tiña unha escaleira e un remate cupular eminentes ou a casa do comerciante Sr. Prada, sita na esquina da rúa do Paseo coa Praza dos xardinillos do P. Feijóo, que tiña unha rotonda mui fermosa, por poñer dous exemplos destacados. Tamén convén citar aquí a inexplicable demolición do remate en forma de torreciña en azulexo de cores da casa modernista da rúa do Progreso que ostenta hoxe o número 121, ou o pedestal do monumento a Concepción Arenal cando estaba situado no seu primitivo asentamento na Praza do Bispo Cesáreo, peza neoclásica deseñada segundo traza do xenuial e malogrado pintor ourensano Parada Justel, hoxe cambiada por outra sen significación histórica.

Pero tamén é certo que persisten outras casas fermosísimas construídas neste mesmo estilo modernista como poder ser a de Felipe Santiago, o antigo Hotel Miño, ámbalas dúas na rúa do Paseo, a do comerciante Fermín García na Praza Maior, ou a do Sr. Junquera, hoxe sé da Caixa de Aforros Provincial na rúa de Pontevedra (por certo é de destacar que despois das últimas reformas, dirixidas polo arquitecto Sr. Suances, a fermosa escaleira de caoba quedou exenta do horrendo ascensor que contiña no seu oco) todas elas dirixidas e proxectadas polo arquitecto D. Daniel Vázquez Martínez-Gulias.

III.

O Modernismo en Ourense caracterízase, entre outras cousas, polas fermosas galaerías e miradores de madeira de castiñeiro pintado en branco, realizada en excelente artesanía, tamén pola utilización do granito labrado e, finalmente, pola utilización dunha rica ornamentación de falsos óvalos, ménsulas ou canzorros mui decorados e resaltes ornamentais de sección cónica.

As veces o Modernismo utiliza o cemento, máis polo seu efecto tensional como oposición a materiais pesados e ríxidos, pero en Ourense apenas se utilizou este material constructivo, cousa que non sucedeu en outras poboacións galegas como, por exemplo, na Coruña.

IV.

Como exemplo das edificacións últimamente destruídas en Ourense temos que citar a Residencia das Relixiosas Adoratrices que estaba situada no último tramo da rúa do Progreso e que respondía a un Modernismo de primeira época, cronolóxicamente anterior a chamada Guerra europea (1914-1918), que tiña unha fachada con rasgos eclecticistas que convivían con deseños modernistas que se apreciaban, sobre todo, no remate da cornixa e nas reixas de ferro forxado das fiestras, amosando un sentido plano e xeométrico con ocos recercados e pedra de cantería labrada.

O primitivo edificio estaba formado por tres corpos, un central provisto de tres fiestras alongadas en sentido vertical, con sillares colocados en alineacións horizontales, isódomos, que remataba nunha cornixa na que existían uns adornos xeométricos en forma de lazos tensionados, curvos en volutas, entre o vexetal e o heráldico.

A ámbalas dúas ás deste corpo central, viñan outros dous corpos laterais de maior altura con diferentes características constructivas, distinguíndose nestos dous corpos dúas alturas: a primeira formada por un balcón sin voo, provisto de antepeito, recercado de pedras e surmontado de falsas dovelas alineadas con dintel lixeiramente curvo; os extremos deste primeiro corpo estaba formado por aparellos rectangulares idénticos e dispostos en fileiras iguais con regularidade xeométrica que sostiñan ó primeiro remate, sobre o que se edificaba a segunda altura que dispoñía dunha fiestra ampla, recercada e curvada lixeiramente na parte do dintel e con unha pedra facendo de clave centrada, tendo nos seus extremos, xambas en forma de falsas pilastras acanaladas que sostiñan á cornixa que, neste caso, se remataba con un fronte que levaba nos seus extremos sendos adornos en forma de cráteras de campá invertida e no centro un pequeno ollo de boi.

V.

No ano 1940 foi reformada e ampliada a Residencia das Relixiosas Adoratrices por resultarlles reducida e deficiente a distribución dos servizos, encargo que se lle fixo o Arquitecto ourensano D. Manuel Conde Fidalgo.

Prescindindo da obra que se fixo na fachada posterior, cuberta, pavimento e aseos, a fachada principal foi ampliada, engadíndoselle un novo corpo, no lateral dereito, seguindo as modulacións do edificio primitivo, respetando sensiblemente os ocos, recercados, remate, etc., utilizando materiais idénticos: Sillares labrados, madeira de castiñeiro, reixas, etc.. Como curiosidade sinalar que o coste aproximado da modificación foi valorado en 100.000 pts. O documento de solicitude ten data do día 16 de Xuño de 1940.

VI.

Chegada esta época especuladora o edificio foi desmantelado, como se leva dito, e substituído por outro para vivendas sen ningún gosto arquitectónico especial, ó cal nos leva, unha vez máis, a denunciar a falla de criterio municipal para conservar o noso patrimonio cultural do que mui pronto van a quedar poucas testemuñas e haberá que pescudar nos arquivos para poder lembrarnos dos edificios que existían fai pouco e formaban parte do acervo da cidade de Ourense para que as novas xeneracións coñezan o que foi o pasado máis recente que os tiñan legado os nosos devanceiros e que hoxe xa non existen.

Sirvan estas notas de recordo para un dos edificios modernistas de Ourense que lle deron carácter a comezos de século, xa que logo só se pode manter a memoria histórica dunha cidade a través do urbanismo, do estilo constructivo dominante e da nobreza dos materiais que máis predominaron.

BIBLIOGRAFIA

- 1.- Luis Trabazo, "El Modernismo en Orense (poesía, arte, vida, recuerdos...)", *La Región*, extraordinario adicado á construción
- 2.- José González Paz, "Maestros de obras en Orense en el siglo XX", *La Región*, 7 y 8 de Enero de 1983.
- 3.- María Luisa Sobrino Manzanares, en *Historia del Arte Gallego*, "Arquitectura: El Modernismo", p. 423 y ss.
- 4.- Pedro Navascués Palacio, en *Historia del arte hispánico*, "La arquitectura modernista", T.V, p. 96 ss.
- 5.- Alexandre Cirici, en *Historia del Arte*, Ed. Salvat, T.9, "Modernismo", p. 61 y ss.
- 6.- *Expediente Municipal*, sobre petición para realizar obras de Ampliación e reforma da Casa das relixiosas Adoratrices de Ourense (16 de xuño de 1940). Arquitecto: Don Manuel Conde Fidalgo.

PROYECTO DE AMPLIACION Y REFORMA DE LA RESIDENCIA DE LAS HERMANAS ADORATRICES EN ORENSE.

Año 1940

Por resultar sumamente reducida y deficiente en la distribución de servicios la residencia actual de las Hermanas Adoratrices en relación con la misión que les está encomendada, proponiéndose al mismo tiempo ampliar y mejorar las funciones de la comunidad, se proyectan las obras de reforma y ampliación que en los planos adjuntos se detallan.

Consisten estas obras en la terminación del segundo piso, construir una casita en solar contiguo y ampliar la capilla, todas ellas detalladas en los planos con tinta roja. En las obras propuestas se continuará el tipo de construcción actual, así las fachadas posteriores del segundo piso, se construirán de ladrillo revestido exteriormente de cemento; el entramado del piso será mixto de hierro y madera, empleando aquel en perfiles dobles T para las vigas de carga y vigas de castaño con sus correspondientes pontones. Para el apoyo de las vigas se dispondrá de pilares de hierro y hormigón armado correspondiéndose con los que existen actualmente. La cubierta constará de madera de castaño y teja plana, tabiques de ladrillo con guarnecidos y enlucidos de mortero de cal; pavimento de baldosas de cemento en retretes y cuarto de baño, revistiendo con azulejos vista los tabiques de esta planta hasta la altura de 1 m.

La fachada principal de la casita se construirá de sillar labrado y la posterior de perpiaño encintado, siguiendo en los demás detalles de construcción el mismo sistema anteriormente hecho.


La red de abastecimiento se hará de tubería de gres: 10,12, 16 y 20 de diámetro interior hasta la conducción general que existe en la actualidad. La carpintería de taller será de madera de castaño en exteriores y de pino del país en interiores, todas con tres manos de pintura al óleo.

El coste aproximado de la construcción se calcula en 100.000 pts. y el aumento de la renta mensual en 350 pts.

Orense, 16 de junio de 1940

El Arquitecto,

fdo. Manuel Conde



Fachada da residencia das religiosas adoratrizes



Fachada ampliada no ano 1940. Según dirección do arquitecto ourensano D. Manuel Conde Fidalgo

